

A BIBLIOTECA DOS LIBROS REXEITADOS

Rémi Bezançon, 2019

541

ESTREA EN NUMAX: 14 de xuño | V.O.S.E. | +7

Le Mystère Henri Pick (2019, 100')

Dirección: Rémi Bezançon

Guión: Rémi Bezançon, Vanessa Portal (Novela: David Foenkinos)

Elenco: Fabrice Luchini, Camille Cottin, Alice Isaaz,

Bastien Bouillon

Son: Marc Engels

Montaxe: Valérie Deseine

Dirección de arte: Eric Bourges

Vestuario: Lili Canobbio-Mouly, Anna Lalay, Marie-Laure Lasson, Indiana Sylla

Música: Laurent Perez Del Mar

Fotografía: Antoine Monod

Produtora: Mandarin Production, France 2 Cinema, Scope

Pictures, Région Ile-de-France (Francia)

Distribuidora: A Contracorriente Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Francés, ruso

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 1984 (Cámara de Ouro),
Locarno 1984 (Mellor Filme), Sundance
(Premio Especial do Xurado)

FILMOGRAFÍA

Nos futurs, 2015

Zarafa, 2012

Un feliz acontecimiento, 2011

El primer día del resto de tu vida, 2008

Un amor de altura, 2005

SINOPSE

Nun pobo da Bretaña existe unha peculiar biblioteca que alberga libros rexeitados polas editoriais. Unha moza editora visita o lugar e descobre unha novela maxistral. O seu autor é alguén chamado Henri Pick, un cocíñeiro dunha pequena pizzería xa falecido. Segundo a súa viúva, Pick xamais leu un libro e o único que escribiu na súa vida foi a lista da compra. Quen era en realidade Henri Pick?

«Un misterio doado de ver e moi culto. Ten os ingredientes axeitados para gustar ao gran público. Luchini está excelente»

Jordan Mintzer,

THE HOLLYWOOD REPORTER



“Quería divertirme cos códigos dos filmes de xénero, pero sen caricaturizar”

Entrevista con Rémi Bezançon e David Foenkinos

Por Fanny Vaury

A escritura de David Foenkinos, encarnada e chea de diálogos, axuda á hora da adaptación cinematográfica?

Rémi Bezançon: David ten unha escritura bastante cinematográfica. Conta historias, que non é o caso de todos os escritores, cun principio, un desenvolvemento e un final, o cal busca o cinema tamén. Ten diálogos concisos e gratos que adoro. E tamén personaxes con moita cor. É moi cinematográfico.

O filme é unha adaptación libre da novela: o pai da editora remata sendo libreiro, por explicar axiña certos elementos da intriga, e a orixe da historia de amor entre Delphine e o seu compañeiro desaparece...

RB: Si, a adaptación é moi libre. De feito é a mesma historia pero cun punto de vista diferente. É normal, eu son un motor tamén, tiña a necesidade de apropiarme desta historia. Hai 400 páxinas no libro, tiven que escoller. Escollín un personaxe, o crítico literario, non puiden tratar todos os personaxes desta novela coral.

David Foenkinos: Son relatos complementarios, de feito.

Era un reto, devolver unha palpitante investigación literaria, de dar a oportunidade ao gran público de somerxerse nese mundo, en todo aquilo que adopta os códigos do xénero policial?

DF: Si, xusto, isto era un verdadeiro reto. Nunca escribira un libro deste tipo e para min existía ese reto de dicirme a min mesmo: «vou crear un enigma cuxa resolución será nas últimas páxinas». Para min había un envite literario, e case unha diversión, xa que non o fixera nunca antes. Encántame cambiar de estilo, os retos, todo o que supón excitación intelectual. Descubrí o apaixonante que é tentar algo. Ti tamén, non, Rémi, iso gustouche?

RB: Si, e o postulado inicial era moi cinematográfico: esa biblioteca dos libros rexeitados, o manuscrito encontrado, é moi novelesco. Abondaba con escoller o cerne, e escollín iso da crítica literaria e da investigación, que non era o cerne do libro. Foi moi gostoso, xogar co xénero do «Whodunnit»: non buscamos quen foi o asasino, senón quen foi o que escribiu. Había tamén algo chamativo nesta historia. Son afortunado: non era evidente dado o xénero do filme que fora vir moita xente á sala, e viñeron, grazas ao talento de David, Luchini, Cottin, o humor, todo o que envolve o filme e a historia, desde logo.

Na posta en escena, como creastes o suspense? A música, tamén, moi presente, tivo unha importancia particular á hora de combinar as secuencias, de dotalas de tensión.

Houbo outros «trucos»? **RB:** Eu quería divertirme cos códigos do filme de xénero, algo que me encanta, pero sen caricaturizar porque iso si que non me gusta nada, é moi fácil facelo. Quería inspirarme, xogar cos protagonistas e engadir toques de humor. Tamén me gustaba moito a idea de que os detectives non fosen de verdade. É un procedemento cinematográfico que funciona sempre: xente que non está feita para algo pero quere facelo. O personaxe que interpreta Luchini, moi parisino, no seu apartamento, vaise encontrar levando a investigación ata Bretaña. Unha investigación ás veces un pouco ridícula, como cando atopa o club de lectoras policías de Crozon: esas son as cousas que me divirten.

RB: Dunha banda, tiña gana de xogar co xénero, pero o que me levou á posta en escena foi adaptarme a Fabrice Luchini. Informeime antes, chamei a Ozon, Le Guay... Explicáronme como era: con Fabrice non fai falla que haxa moitos planos, nin présas. Así que non gravamos moitos planos senón que preferín quedarme con aqueles bonitos e elegantes, pero poucos.

Fragmento da entrevista publicada en <https://lepetitjournal.com>
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

La biblioteca de los libros rechazados,
David Foenkinos. Alfaguara

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax

